



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº9/2016, ORDINARIA, REALIZADA O 24 DE NOVEMBRO DE 2016.**

## ASISTENTES

### **Presidente**

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

### **Concelleiros/as**

#### **Grupo municipal do PP**

DUARTE GERPE, Florinda  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
RAMILO VARELA, Margarita  
BARBEITO REY, Carlos  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
REGUEIRA MOAR, Rubén

#### **Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

#### **Grupo municipal mixto**

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

### **Interventora do Concello**

Noemí González Mato

### **Secretario do Concello**

Diego García Doval

## NON ASISTEN

BLANCO FIDALGO, Patricia (PSdeG-PSOE)  
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco (PSdeG-PSOE)

**HORA DE INICIO:** 12:05

**HORA DE REMATE:** 13:14

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:05 horas do 24 de novembro de 2016, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 21 de novembro de 2016, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense na sesión 9/2016, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

## ORDE DO DÍA

### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 8/2016, ordinaria, do 29 de setembro de 2016).

### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 2.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 3.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 4.- Rogos e preguntas.

### PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ( Nº 8/2016, ORDINARIA, DO 29 DE SETEMBRO DE 2016).**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 8/2016, ordinaria, do 29 de setembro de 2016 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

### PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DE MAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

#### **2.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.**

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 27 de setembro de 2016 e o 21 de novembro de 2016 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta de tres reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das resolucións (nº 301, 312 e 324/2016 ) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Fetra, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Nº	DATA	ASUNTO
301/2016	27/09/2016	Asunto: Aprobación nóminas de setembro de 2016, previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 16/2016
302/2016	28/09/2016	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por vacacións entre os días 25 e 28 de novembro de 2016 (todos eles incluídos), e por permiso por asuntos persoais (arts. 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 48.k) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) o 30 de setembro e o 21 de outubro de 2016.
303/2016	28/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Dº. María Elena Novo Vidal (EXP. LP 46/2016)
304/2016	28/09/2016	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e básica - (agosto de 2016)
305/2016	28/09/2016	Asunto: Concesión urgente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dº. María Carmen Bestilleiro Lesta
306/2016	04/10/2016	Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ) de subvención para a realización da Escola de Verán 2016 ao abeiro da Resolución do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2016.
307/2016	05/10/2016	Asunto: Contrato: Obra "MELLORA DO TRÁFICO INTERNO DOS VIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DOS CAPELOS MEDIANTE A CREACIÓN DUN APARCAMENTO" (financiada con cargo á subvención da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Convocatoria, Orde do 28-12-2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016; Outorgamento, resolución 23-5-2016)
308/2016	05/10/2016	Asunto: Aprobación e pagamento á Axencia Tributaria de taxa por "Reserva dominio público radioeléctrico uso privativo 2016" .
309/2016	06/10/2016	Asunto: Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "MELLORA DO TRÁFICO INTERNO DOS VIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DOS CAPELOS MEDIANTE A CREACIÓN DUN APARCAMENTO" (financiada con cargo á subvención da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Convocatoria, Orde do 28-12-2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016; Outorgamento, resolución 23-5-2016)
310/2016	06/10/2016	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (outubro de 2016)
311/2016	06/10/2016	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas CEIP Vicente Otero Valcárcel ( setembro 2016)
312/2016	06/10/2016	Asunto: Levantamento de reparo suspensivo 17/2016, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas proposta pola Alcaldía o 06 de outubro de 2016, por importe de 78.046,82 €.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

313/2016	06/10/2016	Asunto: resolución de Inicio Procedementos Sancionadores de Tráfico
314/2016	06/10/2016	Asunto: Transmisión dun posto autorizado para a venda ambulante nas feiras de Carral, e unha baixa de autorización.
315/2016	17/10/2016	Asunto: <b>CONVOCATORIA MESA DE CONTRATACIÓN:</b> Expediente de contratación mixta sujeta a regulación armonizada, por procedimiento aberto (oferta económicamente máis vantajosa, varios criterios de adjudicación) del suministro con instalación " <b>Renovación del alumbrado público del Ayuntamiento de Carral</b> " (financiado a través del préstamo reembolsable concedido al Ayuntamiento de Carral mediante resolución de 26 de abril de 2016 del director general del IDAE-Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía; Ministerio de industria, energía y turismo). Conforme establece la base 8.5.b) de las que regulan el préstamo, se hace constar la posibilidad de cofinanciación o participación del FEDER y/o Fondos de Cohesión de la Unión Europea. <b>TRÁMITE: Calificación del contenido del sobre nº 1 (Documentación administrativa)</b>
316/2016	17/10/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 25/2016
317/2016	18/10/2016	Asunto: ÓRGANO COLEXIADO: Xunta de Goberno Local. Nº SESIÓN 11/2016. CARÁCTER: Ordinaria. 19/10/2016, ás 13.00 horas
318/2016	18/10/2016	Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de Galicia mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico xa existente.
319/2016	18/10/2016	Asunto: Aprobación das bases de selección que rexerán a elaboración dunha listaxe para a contratación de un/unha traballador/a social durante o período correspondente á baixa por IT da titular do posto, a tempo parcial (25 horas/semana), relación contractual temporal, a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista persoal, e formación de bolsa de emprego.
320/2016	18/10/2016	Asunto: Autorización para a venda ambulante temporal (outubro a decembro de 2016) nas feiras de Carral.
321/2016	19/10/2016	Asunto: Substitución do Señor Alcalde pola Señora 1ª Tenente de Alcalde por ausencia (21 a 31 de outubro de 2016)
322/2016	24/10/2016	Asunto: <b>CONVOCATORIA MESA DE CONTRATACIÓN:</b> Expediente de contratación mixta sujeta a regulación armonizada, por procedimiento aberto (oferta económicamente máis vantajosa, varios criterios de adjudicación) del suministro con instalación " <b>Renovación del alumbrado público del Ayuntamiento de Carral</b> " (financiado a través del préstamo reembolsable concedido al Ayuntamiento de Carral mediante resolución de 26 de abril de 2016 del director general del IDAE-Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía; Ministerio de industria, energía y turismo). Conforme establece la base 8.5.b) de las que regulan el préstamo, se hace constar la posibilidad de cofinanciación o participación del FEDER y/o Fondos de Cohesión de la Unión Europea. <b>TRÁMITE: Comunicación del resultado de la apertura del sobre nº 1 (Documentación administrativa) y apertura del sobre nº 2 de los licitadores admitidos (criterios dependientes de un juicio de valor)</b>
323/2016	25/10/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 10/2016)
324/2016	26/10/2016	Asunto: Aprobación nóminas de outubro de 2016, previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 18/2016
325/2016	26/10/2016	Asunto: Concesión de tarxeta de estacionamento para persoa con discapacidade D. Román Gende Varela.
326/2016	28/10/2016	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Josefina Ponte Mosquera e D. Antonio Manuel García López
327/2016	28/10/2016	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Ricardo Naveira Palla
327bis/2016	28/10/2016	Asunto: Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña) -

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

328/2016	02/11/2016	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (outubro de 2016)
329/2016	03/11/2016	Asunto: Concesión pago a xustificar 26/2016 a favor de dona Florinda Duarte Gerpe por importe de 300€ e conminación para a xustificación nun prazo de tres meses.
330/2016	03/11/2016	Asunto: Aprobación do pagamento da taxa "autorización probas deportivas en vías públicas" por importe de 55,48€ para a celebración da I Carreira Benéfica IES Carral o 26 de novembro de 2016.
331/2016	07/11/2016	Asunto: Obligación de xestionar a biomasa vexetal na parcela nº 375 del polígono 9, situada no Marco (Santa Eulalia de Cañas) propiedade de dona M <sup>a</sup> Aurora Candal Miranda.
332/2016	08/11/2016	Asunto: Relación provisional de solicitantes admitidos/as e excluídos/as do procedemento para a contratación laboral temporal de un/ha traballador/a social para o departamento de Servizos Sociais do Concello durante o período correspondente a baixa por IT da titular do posto, a tempo parcial, 25 horas/semana, na modalidade contractual de interinidade, a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista persoal.
333/2016	09/11/2016	Asunto: Obligación de limpeza, poda e desbroce da vexetación da parcela con referencia catastral 3974301NH5837S0001QQ, situada en Cañas (Santa Baia de Cañas) propiedade de don Enrique Cañas Miranda.
334/2016	09/11/2016	Asunto: Obligación de limpeza, poda e desbroce da vexetación da parcela con referencia catastral 3974301NH5837S0001QQ, situada en Cañas (Santa Baia de Cañas) propiedade de don Enrique Cañas Miranda.
335/2016	09/11/2016	Asunto: Obligación de limpeza, poda e desbroce da vexetación da parcela con referencia catastral nº2666003NH5826N0001HK, situada en Reboredo (San Estevo de Paleo) propiedade de Inversiones Inmobiliarias Canvives SLU.
336/2016	09/11/2016	Asunto: Aprobación certificación nº 1 e derradeira da obra "MELLORA DO TRÁFICO INTERNO DOS VIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DOS CAPELOS MEDIANTE A CREACIÓN DE UN APARCAMENTO" (FINANCIADA CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. Convocatoria, resolución 28-12-2015; Outorgamento, resolución 23-5-2016)
337/2016	10/11/2016	Asunto: Posta a disposición da totalidade dos terreos para a execución das obras denominadas "Proxecto de sinalización do roteiro Costa da Égoa e accesibilidade á ferverza do Batán a favor da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
338/2016	10/11/2016	Asunto: Liquidación das escolas culturais, deportivas e educativas do mes de novembro por un importe global 6.307,00€.
339/2016	11/11/2016	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (novembro de 2016) por un importe global de 5.414€.
340/2016	11/11/2016	Asunto: Relación definitiva de candidatas admitidas no procedemento para a contratación laboral temporal de unha traballadora social para o departamento de Servizos Sociais do Concello durante o período correspondente a baixa por IT da titular do posto, puntuación acadada na fase de concurso e fixación do día, hora e lugar da entrevista persoal.
341/2016	14/11/2016	Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de Galicia (Consellería de Economía, Emprego e Industria) para a "Mellora do tráfico interno dos viais do Parque Empresarial dos Capelos mediante a creación dun aparcamento" ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

342/2016	15/11/2016	Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.
343/2016	15/11/2016	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 25/2016
344/2016	16/11/2016	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 26/2016
345/2016	17/11/2016	Asunto: Convocatoria Xunta de Goberno Local 12/2016 Ordinaria (17/11/2016)
346/2016	17/11/2016	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso por asuntos persoais (arts. 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 48.k) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) o 18 de novembro e o 30 de decembro de 2016.
347/2016	21/11/2016	Asunto: Resolución de Inicio Procedimientos sancionadores de tráfico
		Asunto: Convocatoria Pleno sesión 09/2016 Ordinario de fecha 24/11/2016

### 2.bis.-(Fóra da orde do día, por urxencia) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Sométese á sesión, á proposta do señor Alcalde, este expediente que non puido ser sometido a ditame da correspondente comisión informativa, nin incluído na orde do día por non estar concluído e entregado á Secretaría con anterioridade á convocatoria. De acordo co establecido nos artigos 91.4 e 126.2 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) procédese á votación sobre a declaración de urxencia do asunto e, téndose decidido por unanimidade dos/as once membros da Corporación presentes na sesión, procédese a tratalo de seguido.

O señor Secretario do Concello dá lectura á declaración institucional cuxa aprobación propón o señor Alcalde a instancia do Consorcio das Mariñas, que a remitiu ao Concello o 18 de novembro de 2016, como segue:

#### "DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

*Tristemente, un ano máis, vémonos na obriga de condenar a morte de 39\* (Dato da web do Ministerio de sanidad, Servicios Sociales e Igualdad a data de 18/11/2016) mulleres vítimas da violencia machista, unha cifra que ano tras ano permanece practicamente invariable e que amosa o noso fracaso como sociedade, na que a desigualdade e a violencia de xénero seguen moi presentes.*

*Lonxe de pensar que cada vez estamos máis cerca de acadar obxectivos positivos observamos, lamentablemente, como entre as novas xeracións este problema ten maior forza que fai uns anos.*

*Algo estamos a facer mal, non só dende as institucións públicas senón da sociedade no seu conxunto, dos valores que transmitimos á mocidade a través das nosas relacións diarias, dos medios audiovisuais, dos distintos medios de comunicación... todos e todas nós somos responsables, como parte activa desta sociedade, do modelo que estamos a transmitir.*

*Hoxe é un día para lembrar a todas as vítimas amosando de forma conxunta o noso rexeitamento á violencia machista, non obstante, fraco favor faríamos á causa senón aportásemos solucións, intencións de cambio na nosa mensaxe, por iso, dende aquí, queremos reivindicar a igualdade, o respecto e o diálogo como as armas máis efectivas de loita contra calquera tipo de violencia, aquelas que nos permiten avanzar como sociedade e tomar consciencia da necesidade de erradicar esta enfermidade que de que deteriora a nosa convicencia a diario.*





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

*Loitar contra a maltrato, pero contribuíndo a través das accións en positivo, opoñemos á violencia de xénero no noso día a día cunha actitude coherente a ese rexeitamento, a través dunha linguaxe e duns actos, que se corresponda coas nosas intencións.*

*Hoxe todas as forzas políticas do Concello de CARRAL, facemos esta Declaración Institucional do Pleno, en representación de todas as veciñas e veciños do noso concello, coa esperanza de que un día poidamos vernos libres desta lacra que corroe a nosa sociedade e co forte compromiso, de cada un e cada unha de nós, de amosar no vindeiro ano unha actitude tolerante, respectuosa e dialogante, trasladando no día a día a nosa coherencia coa igualdade que defendemos.*

*Recordar que este fin de semana, como forma de visibilizar este rexeitamento popular, terá lugar a V Andaina pola Igualdade e contra a Violencia de Xénero na que participaremos todos os concellos que formamos As Mariñas, invitando a toda a poboación a sumarse a este percorrido solidario.*

Moitas grazas

24 de novembro de 2016

**V Andaina pola Igualdade e contra a Violencia de Xénero**

**Sábado, 26 de novembro**

**Saída ás 10:30 horas da Fábrica en Santa Cristina (Oleiros)**

**Dará a volta á ría do Burgo, percorrendo os concellos de Cambre, Culleredo e Oleiros**

"

O señor Alcalde explica que a declaración institucional se propón a instancia do Consorcio das Mariñas, en relación á celebración, o 25 de novembro, do Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a declaración institucional proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as presentes na sesión.

## 3.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais mixto/ACC e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

### 3.1.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON para "evitar aplicación da Lei Orgánica 4/2015 (Lei mordaza)".

## EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

### "Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN PARA EVITAR APLICACIÓN DA LEI ORGÁNICA 4/2015 (LEI MORDAZA)**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

## Exposición de motivos

O pasado 11 de decembro aprobouse a Lei de Seguridade Cidadá. Esta lei non só non contou co respaldo parlamentario dos partidos da oposición senón que foi recorrida ante o Tribunal Constitucional por unha ampla maioría dos mesmos.

Non existe unha demanda social para unha norma absolutamente innecesaria, que supón un recorte de dereitos políticos e civís recollidos na Constitución, polo que o único que se busca é un retorno ao Estado policial. É unha lei desmesurada e desproporcionada, tanto polas restricións que contempla como polo agravamento das contías das multas. Busca castigar máis ofrecendo menos garantías xurídicas á cidadanía.

Con esta lei, por citar varios exemplos, poderse castigar con ata 30.000 € unha manifestación para impedir un desafiuzamento ou con ata 600 € as faltas leves, que son as máis comúns. Poderase multar a quen difunda imaxes de antdisturbios golpeando sen necesidade a manifestantes, ou considerar unha ameaza á seguridade cidadá negarse a mostrar o DNI. Ademais, quen participe nunha manifestación espontánea, isto é, non notificada previamente á Delegación do Goberno -cousa que ocorre no 50% das protestas- poderán ser tamén multados.

Debese traballar para preservar a cohesión social, a liberdade e a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía, impulsando desde os municipios as prestacións necesarias de servizos sociais e promovendo a reinserción social das persoas en situación de maior vulnerabilidade. Medias de prevención, que, desde as entidades locais, poden asegurar o desexable benestar da nosa cidadanía e o aseguramento dos seus dereitos e liberdades, e axudar a?, minimizar? O efecto da mal chamada Lei de Protección de Seguridade Cidadá.

Por todo isto, propónse ao Pleno Municipal o seguinte

### ACORDO,

Primeiro.- Esixir ao Goberno da Nación, a retirada inmediata da mal chamada Lei de Protección de Seguridade Cidadá

Segundo.- Solicitamos un debate consensuado entre todas as forzas políticas para chegar un acordo na redacción de dita lei.

Carral, a 23 de novembro de 2013

Cesar Bergondo  
Voceiro de Asemblea Cidadá de Carral.

”.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) manifesta que o seu grupo non considera que a moción proposta sexa urxente, xa que o Goberno da Nación xa está constituído e tomará as medidas que coide oportunas. Engade que se debe deixar ao Goberno central que faga o que deba en relación ás leis.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por sete votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a catro votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), presentes na sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

### 3.2.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON "antiparaísos fiscais".

#### EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se







# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

transcribe a continuación:

## "Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN ANTIPARAISOS FISCAIS**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

### Exposición de motivos

Calcúlase que un total de 7,6 billóns de dólares, segundo a estimación do economista Gabriel Zucman, é a cifra que se oculta nos paraísos fiscais procedentes de grandes fortunas e 100.000 millóns de dólares a cantidade de diñeiro que os países en desenvolvemento deixan de ingresar nas súas arcas públicas como consecuencia da evasión de impostos das grandes empresas. O que se traduce en que todo ese diñeiro que debería ir destinado ás políticas sociais (dos países), para reducir a desigualdade e ofrecer mellores oportunidades para todos/as non chegue xamais a quen debe recibilo.

Os gobernos locais teñen un ámbito de actuación desde o que se pode incidir para que o diñeiro dos contribuíntes non se invista en empresas (bancos ou institucións financeiras) que teñen vínculos nos paraísos fiscais, senón que pola contra favoreza a estas outras que desenvolven un exercicio de responsabilidade fiscal, pagando os impostos que lles corresponden.

Os municipios son a administración pública máis próxima á cidadanía, e debemos aproveitar esta proximidade, para trasladarlles a nosa exixencia de que utilicen a súa capacidade en beneficio da xustiza social, xa que entendemos a fiscalidade xusta como unha ferramenta fundamental para loitar contra a desigualdade.

Os concellos poden reducir o impacto global dos paraísos fiscais e tratar de modular o compartamento fiscal das empresas cara a prácticas responsables a través dun maior control dos concursos públicos locais, para que estes déanse en condicións de libre competencia, e non de dumping fiscal, e velando por un sostenimento de os recursos públicos. Por estes motivos, o Concello comprométese a:

### ACORDO

1.-Declarar o municipio territorio libre de paraísos fiscais, comprometéndose a dar os pasos necesarios para asegurar que os concursos públicos favorezan ás empresas que teñen condutas fiscais responsables, en detrimento de as empresas que utilizan os paraísos fiscais para evadir ou eludir impostos.

2.-Estudar, detectar e activar os mecanismos necesarios para dificultar a contratación de empresas privadas para prestar servizos públicos que teñan a súa sede social en paraísos fiscais ou sociedades que formen parte de a matriz industrial domiciliada en paraísos fiscais.

Carral, a 23 de novembro de 2013

Cesar Bergondo  
Voceiro de Asemblea Cidadá de Carral.

”

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) manifesta que o seu grupo non considera que a moción proposta sexa urgente, pois, na súa opinión, en materia de contratación o Secretario do Concello xa fai o seu labor e, para ver se as empresas están en paraísos fiscais ou non, xa están outras Administracións.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urgencia da moción, esta é rexeitada, por sete votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a catro





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), presentes na sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

### 3.3.-Moción conxunta dos grupos municipais do PsdeG-PSOE e mixto-ACC/SON "antiparaísos fiscais".

#### EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

#### "MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DA ASEMBLEA CIDADÁ DE CARRAL, SON DE CARRAL, DO CONCELLO DE CARRAL, DE APOIO Á QUERELA ARXENTINA

*Ante a reiterada negativa da xustiza española de xulgar os crimes do franquismo, un grupo de familiares de vítimas do franquismo (entre elas Dario Rivas, fillo de Severino Rivas Barja, alcalde de Castro de Rei en xullo de 1936 e asasinado en Portomarín o 28 de outubro de 1936), presentaban en Buenos Aires o 14 de abril de 2010 unha querela para que a xustiza arxentina investigue os crimes cometidos pola ditadura franquista no período de xullo de 1936 a xuño de 1979, identifique aos seus responsábeis e sexan sancionados penalmente. Todo isto, amparados na lexislación internacional sobre dereitos humanos, tratados internacionais subscritos polo Estado español e lexislación da ONU sobre Xustiza Universal.*

*Recollendo o chamamebnto da Coordinadora Estatal de Apoyo a la Querella Argentina (CEAQUA), e a iniciativa da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH), o grupo municipal da Asemblea Cidadá de Carral-Son de Carral presenta ao Pleno de Carral a seguinte moción.*

*Unha moción análoga a que abaixo está expresada ven de ser aprobada no concello de A Coruña o pasado 10 de outubro de 2016, a instancia do grupo municipal do BNG, recollendo a antedita iniciativa da CRMH, e cos spoios dos grupos municipais da Marea Atlántica e do PSOE-PSdeG, coa abstención do Partido Popular, recollendo en total 17 apoios contra 10 abstencións.*

#### Breve relato dos feitos

*O 18 de xullo de 1936 un golpe militar-fascista depuxo ás lexítimas autoridades elixidas (locais, autonómicas, estatais) da II República. A sublevación, apoiada pola Alemaña nazi e a Italia fascista, tivo por obxecto a represión contra todas aquelas persoas, grupos e organizacións sociais, políticas e culturais contrarias á ideoloxía nacional-católica, fascista e de dereitas que inspiraba aos golpistas.*

*O golpe deu orixe a unha Ditadura que de xeito sistemático vulnerou os máis elementais dereitos e liberdades durante corenta anos: centos de miles de persoas fusiladas e desaparecidas, exilio masivo, traballos forzados en réxime de escravitude, decenas de miles detidas, maltratadas, torturadas e encarceradas, linguas e culturas perseguidas...*

*En Galiza, que non era fronte de guerra, a represión ligada ao golpe foi completamente gratuita, masiva, sanguenta, masiva e brutal. Máis de 5000 persoas foron fusiladas ou desaparecidas. As organizacións sociais, políticas e sindicais foron suprimidas e os seus membros detidos e encarcerados. A represión estendeuse polo conxunto da poboación.*

*Na comarca da Coruña foron numerosos os cargos públicos asasinados e moitos funcionarios e funcionarias destituídos ou executados. Adxuntamos a relación das 600 persoas que, como mínimo, foron asasinadas ou paseadas nos concellos da Comarca, entre elas o Gobernador Civil, Francisco Pérez Carballo, o gobernador militar, Rogelio Caridad Pita e o xeneral xefe da VIII División Orgánica, Enrique Salcedo Molinuevo. Na Coruña foron fusilados o alcalde, Alfredo Suárez Ferrín, o Secretario Joaquín Martín Martínez, o xefe da intervención municipal, Manuel Prado Allegue e o xefe de negociado Francisco Prego Campos. Durante a posterior ditadura a represión non cesou; supresión total de liberdades democráticas, vulneración flagrante de dereitos humanos, represión gratuita e indiscriminada (política, sindical, cultural, lingüística...), imposición de credos relixiosos e ideolóxicos...*





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

A devandita listaxe pódese consultar na seguinte ligazón:

<http://memoriadacoruna.com/listaxe-de-represaliados-na-comarca-da-coruna/>

### Crimes contra a humanidade

Nos xuízos de Nuremberg contra o xenocidio nazi fixéronse os principios vixentes en materia de crimes contra a humanidade, que serían definidos despois no Estatuto da Corte Penal Internacional (17 de xullo de 1998). O artigo 7 dese Estatuto tipifica estes crimes, como recollía o auto do xuíz Garzón de 16 de outubro de 2008: "A los efectos del presente Estatuto, se entenderá por "crimen de lesa humanidad" cualquiera de los actos siguientes cuando se cometa como parte de un ataque generalizado o sistemático contra una población civil y con conocimiento de dicho ataque: asesinato, deportación o traslado forzoso de población; encarcelación ou otra privación grave de la libertad física en violación de normas fundamentales de derecho internacional; tortura; persecución de un grupo o colectividad con identidad propia fundada en motivos políticos, raciales, nacionales, étnicos, culturales, religiosos, de género; desaparición forzada de personas".

É evidente así que as graves violacións de dereitos humanos derivados do golpe de Estado do 1936 e da posterior Ditadura entran dentro desde concepto de crimes contra a humanidade.

Estes delitos teñen como característica principal que "son imprescriptibles, calquera que sexa a data en que foron cometidos", como recolle a Convención sobre Crimes de Guerra e Lesa Humanidade de 1968.

Por outra banda, a Lei española 46/1977 de 15 de outubro, de Amnistía, en modo algún pode servir para amparar aqueles delitos, se temos en conta o disposto no Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos (ONU-1966); a propia Constitución española (o artigo 10 sinala: "As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece, interpretaranse conforme á Declaración Universal dos Dereitos Humanos e aos tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España"); o Código Civil (artigo 1,5); a Convención de Viena sobre o Dereito dos Tratados (adhesión do Estado Español en 1972); Asemblea Xeral das Nacións Unidas de 1973, sobre "identificación, extradición e castigo dos culpabeis de crimes de guerra ou de crimes de lesa humanidade", e os informes e resolucións do seu Comité de Dereitos Humanos da ONU, de 2015, opostos á aplicación desa Lei de Amnistía por entendela contraria aso principios vixentes en materia de xustiza universal.

Tal e como sinalou no seu día o Relator Especial da ONU en materia de Dereitos Humanos, Sr. Pablo de Greiff, no caso de aplicarse esa Lei de Amnistía, isto debería facerse unha vez determinados os feitos, responsabilidades e penas correspondentes, é dicir, no caso de poder ser aplicada, debería ser a posteriori, unha vez xulgados os feitos, pero nunca antes sen dar pé a determinar responsabilidade algunha. Dició tamén o Sr. Greiff que "archivar la totalidad de los casos presentados ante la Justicia española por crímenes cometidos durante la Guerra Civil y el franquismo (...) contradice las obligaciones internacionales en materia de derecho a la justicia".

### A "Querela Arxentina" e a aplicación da xustiza universal

No ámbito internacional a Xustiza arxentina (Xulgado Nacional en lo Criminal y Correccional nº 1, de Buenos Aires) abriu unha causa por crimes contra a humanidade perpetrados pola ditadura española na que ditaron até hoxe máis de vinte ordes de detención e extradición contra oito ex-ministros franquistas (Martín Villa, entre outros) e varios ex-policías, gardas cívicos, militares, xuíces....A pesar de todo isto, a Audiencia Nacional española, desatendendo as esixencias derivadas da aplicación destas normas de xustiza universal, rexeitaba a posta en práctica destas ordes de detención e extradición.

En relación con este procedemento, máis de cen concellos de todo o Estado (entre eles os de Pamplona, Vitoria, Tarragona, Zaragoza, Rivas Vaciamadrid), varias Deputacións (Sevilla, Guipuzkoa), e varios parlamentos de comunidades autónomas (Asturias, Cataluña, Andalucía, Comunidade Autónoma Vasca, etc) deron o seu apoio e adhesión á Querela Arxentina.

Trátase de recuperar verdade, xustiza e reparación en relación cos crimes cometidos na nosa cidade, na





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

comarca da Coruña e en Galiza. É a nivel local onde as grandes e frías cifras de asasinatos, desaparecidos, encarcerados, exiliados...se concretan e toman corpo en responsabilidades individualizadas.

Con tal finalidade, o concello de Carral toma o seguinte

### ACORDO

1.-Sendo o ánimo desta Corporación municipal interpor unha querela criminal ante os Xulgados de Instrución da Coruña e, se fose necesario, outros da comarca, a efectos de que por parte destes se investiguen os crimes contra a humanidade cometidos pola ditadura franquista que afectaron aos veciños e veciñas deste concello, poidan determinarse as circunstancias en que foron cometidos, quen foron os responsábeis, directos e inmediatos e, no seu caso, se proceda a súa imputación, procesamento, xuízo e condena. Por todo isto, acórdase iniciar -en colaboración coa Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e cantos grupos, entidades e cidadanía en xeral queiran sumarse- os traballos para a preparación desa querela criminal que consistirán, basicamente, na consolidación do relato de feitos a través de testemuñas e calquera outro tipo de documentación, así como afondar na argumentación xurídica.

2.-Dar traslado do presente Acordo ao Xulgado Nacional do Criminal e Correccional Federal nº 1, de Buenos Aires, República Arxentina, a cargo da xuíza María Servini de Cubría, para que produza os efectos que procedan na Querela 4591/2010, nomeada "N.N. Por xenocidio y/o crímenes de lesa humanidade cometidos en España por la dictadura franquista".

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que coa moción se pretende que se realice unha recollida de información sobre os represaliados durante a ditadura en Carral, e que se traslade ao tribunal de Buenos Aires que está a xulgar o asunto.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) manifesta que o seu grupo non considera que a moción proposta sexa urxente, e que non ten intención de que o Concello presente unha querela criminal perante os Xulgados de Instrución da Coruña.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, por sete votos en contra dos/as señores concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a catro votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC/SON), presentes na sesión, polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

### 4.-ROGOS E PREGUNTAS.

#### 4.1-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo pregunta por que xa pasou máis dun ano dende que espuxeron a problemática, e aínda segue Emprego Social prestando os servizos de limpeza dende 2009.

2.-O señor Bergondo Trillo pregunta o mesmo en relación á prestación por Ende Ben Ordes dos servizos de axuda no fogar.

3.-O señor Bergondo Trillo pregunta por que o señor Alcalde desoe as suxestións da Intervención en relación á informática Rebeca Rivera Sar, que presta servizos mediante un contrato menor, e non se realiza unha nova contratación administrativa do servizo.

4.-Lembra que no último pleno o señor Alcalde louvou o labor que está a realizar a normalizadora lingüística, mais indica que no decreto da Alcaldía 318/2016, para a xustificación dunha subvención para tal servizo, á parte do seu salario só se fai referencia á campaña de Comercio en Nadal 2015-2016. Pregunta que máis labores fai.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

- 5.- Pregunta cando se vai inaugurar a Casa da Xuventude que, co que se alonga o tempo, na súa opinión, se vai converter na "Casa dos Maires".
- 6.- Manifesta que dun edificio da rúa Méndez Búa están a caer baldosas da fachada e que, aínda que é privado, é competencia do Concello velar pola seguridade dos viandantes.
- 7.- Indica que non se lle informou do que acontece no Consorcio das Mariñas, e se marcha Arteixo del, ou cal vai ser a repercusión.
- 8.- Reitera que, como non se lles convoca a reunións informativas, queren saber cal é a postura do goberno municipal sobre a área metropolitana.
- 9.- Pregunta se as obras recentemente realizadas na Praza da Capela van quedar así, ou se porán baldosas.
- 10.- Pregunta se se está a estudar as alegacións dos veciños sobre a UA5 e o PXOM.
- 11.- Pregunta se se vai limpar o vertedoiro no que, na súa opinión, se está a converter o merendeiro do Marco das Eiras.
- 12.- Pregunta se se van retirar os sacos verquidos nos capelos dende xuño.
- 13.- Pregunta se algúns dos materiais e EPIs dos voluntarios do Concello están caducados.
- 14.- pregunta cal é a postura do goberno municipal sobre a liña de alta tensión Abegondo-Coruña.
- 15.- En relación a tal liña, indica que o Alcalde de Abegondo se está a reunir coa oposición e coa veciñanza, e pregunta se en carral se pensa facer o mesmo.
- 16.- Pregunta cal é a postura do goberno municipal sobre a Lei do PP que impide o abastecemento de enerxías renovables.
- 17.- Indica que as marquesiñas de autobuses noutros concellos proporcionan información sobre as rutas e os seus horarios, mentres en Carral non, e pregunta se non se pode facer algo ao respecto.
- 18.- Manifesta que, mediante o decreto 307/2016, se adjudicou unha obra de aparcadoiro nos capelos por 114.377 € á empresa Cocigal, e que na oferta só había unha diferenza de 1.000 € coas outras invitadas (Fandiño e Joscón). Pregunta ao señor Alcalde se pode explicar as vantaxes financeiras para o Concello de usar os procedementos negociados.

### 4.2-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

- 1.-O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) indica que no xornal La Opinión apareceu unha nova segundo a cal a Xunta estaría a asesorar a Carral para a ampliación do Campo da Feira. Pregunta a que se refere.
- 2.-O señor Couto manifesta que o seu grupo non está de acordo con que se cree unha Aula da Natureza no Polígono dos Capelos, pois coida que non é o lugar idóneo. Opina que sería mellor facela nunha zona máis rural, recuperando algún edificio tradicional, e onde haxa máis cultivos e natureza. Engade que, na súa opinión, unha casa no polígono diante do punto limpo é o peor



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

lugar, mentres se ten o edificio Antón Fraguas case baleiro. Asemade, manifesta que a esa aula habería que ir en coche, e engade que non cre que as obras pretendidas sexan legais, polo que pediu un informe á APLU para que o digan (aínda que non sabe se contestaron xa, aos efectos de decidir se seguir co proceso adiante ou cambiar o obxecto da subvención da Deputación. Por outra banda, manifesta que vai ser difícil realizar cultivos alí, pois a terra na zona é arxila, mentres, na súa opinión, hai no val de barcia e noutros mil sitios vivendas que merecen unha restauración, non coma a ruina sen valor que se pretende arranxar.

3.-O señor Couto pregunta como vai a venda de pisos en carral, xa que o señor Alcalde participou, na súa opinión, nunha campaña activa ao efecto nos xornais.

4.-Lembra que dicían que a Casa da Xuventude ía estar lista hai seis meses e aínda non o está.

5.- Pregunta canta xente está a traballar no plan de emprego da Deputación (PEL), durante canto tempo, e se se van esgotar os cartos da axuda.

6.- Pregunta como vai a execución das obras do POS 2016, pois moitos outros concellos xa a están a licitar.

7.- Explica que a esta sesión plenaria só poden asistir tres dos cinco concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, pois os outros dous non puideron polo seu horario de traballo. Pide que as sesións se fagan ás sete ou oito da tarde, nun horario máis conciliable co laboral, pois agora case tampouco asiste público. Indica que non sabe a quen beneficia o horario actual.

### 4.3-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde explica que as obras do POS e PAS, así coma os servizos de xardinaría e axuda a domicilio, están aínda sen contratar, pola carga de traballo da Secretaría, dos Servizos Xurídicos e da Intervención, mais prepararanse nos próximos días, e entre xaneiro e febreiro estarán deseñados os pregos para a limpeza viaria e xardinaría, e para o servizo de axuda no fogar. Engade que tampouco lle gusta a el ter que levantar reparos continuamente ao respecto. Reitera que o servizo de limpeza viaria e xardinaría está cuberto cun convenio de confido social, por realizarse por persoas con discapacidade. Por outra banda, espera poder regularizar tamén nos primeiros meses do ano a situación do servizo informático, do que non se pode prescindir, e para o que se contratou á autónoma que presta actualmente os servizos. Repite que non lle fai graza ter que levantar reparos, mais que o persoal do Concello aínda non tivo tempo de quitar os contratos.

No tocante á normalizadora lingüística, explica que, ademais da campaña de comercio do Nadal, colabora en labores administrativos nos servizos xurídicos, e corrixe todos os documentos que saen do Concello. Asemade, participa nos carteis do Concello para que "non haxa pifias". O señor Bergondo pregunta se non fai máis traballos de cara á veciñanza, ao que o señor Alcalde reitera que está contratada para iso, para temas administrativos e culturais, coma normalizadora.

En relación á casa da Xuventude, explica que ten moitas ganas de abri-la, mais que están a esperar a recibir da Dirección Xeral de Xuventude o mobiliario axeitado e suficiente. Engade que xa se recibiron bastantes ordenadores e bos, mais que tamén faltan equipos para audiovisuais. Engade que se o que se recibe non é o axeitado para a efectividade da Casa da Xuventude, quizais haberá que dotar algunha partida no orzamento para 2017 para audiovisuais ou mobiliario específico.

En relación ao edificio abandonado ao que se referiu o señor Bergondo, manifesta que ten razón.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Explica que se tapiou e que, aínda que o concello non ten responsabilidade, tocoulle facelo ante a caída de chapas e a reiteración á empresa (desaparecida) e ao banco para que valase a zona e pagase as facturas do custe do valado. Engade que se tardará en cobrar e que se verá como facelo, mais explica que, se se caducase a licenza do edificio, tería que ser demolido, o que "non é ningunha broma".

No tocante á capela, explica que, mediante un acordo cos veciños, estes permitiron tirar muros das súas propiedades, e que se vai valar con fea e acondicionalo por operarios municipais, mais que, se houberse unha "alegría económica", podería pavimentarse con formigón impreso coma a Praza da Capela.

Sobre as alegacións á UA5 e ao PXOM, explica que o equipo redactor está emitindo os correspondentes informes e que, unha vez rematados, farase unha comisión informativa dando tempo para ver politicamente as propostas técnicas.


Indica que e setembro se retiraron mediante unha empresa 4.000 kg ou 4 m<sup>3</sup> de lixo do Marco das Eras, e que xa volta a estar igual. Engade que é difícil evitalo sen poñer unha cámara ou sen a vixilancia constante da policía ou da Garda Civil, e que os autores dos verquidos son uns irresponsables, por non usar o punto limpo. Manifesta que se encargará a unha empresa a limpeza, mais que xa é a terceira vez no ano, e ten un custe elevado.

Manifesta que descoñece se hai algo caducado entre o material de Protección Civil, mais pide que se o coñecen, o comenten, para solventalo.

En relación á liña de alta tensión, explica que os técnicos de Urbanismo e Medio Ambiente fixeron a observación de que tería que respectar a capela de san Pedro Rubieiro e outras zonas sensibles. Engade que, de momento, non hai un trazado definitivo, ata que traian o proxecto a exposición. Puntualiza que toda a enerxía eléctrica, producida mediante renovables ou non, vai por cabos con torretas, non con camións, e ten que pasar por algures para o seu reparto (O señor Bergondo replica que o feito de que vaia por cabo non implica que teña que haber torretas, pois pode ir soterrado). O señor Alcalde resposta que, se vai soterrado, tamén produce radiacións perigosas, e lembra que os tendidos eléctricos hainos nos países máis avanzados.

Explica que as marquesiñas de autobuses son responsabilidade da dirección Xeral de Mobilidade e das empresas que prestan o transporte metropolitano, e engade que se pediu reiteradamente en todas as reunións convocadas cos concellos que se colocasen os carteis obrigatorios por parte da Dirección Xeral de Mobilidade e das empresas. Engade que, se visen que non os dan posto, o Concello podería poñer un vinilo "á nosa maneira", mais coída que, cos arredor de 30.000 € que achega o Concello, a Xunta e as empresas adjudicatarias deberían cumprir a súa obriga de poñelos, e quedaron niso.

No tocante ao aparcadoiro dos capelos, indica que se presentaron tres empresas á licitación, e que o diñeiro é da Xunta de Galicia e o Concello achega só o IVE. Indica que quedou un aparcadoiro en condicións e que só hai que retocar unha esquina, porque choveu o día que se puxo o aglomerado. O señor Bergondo replica se o señor Alcalde entendeu a súa pregunta, que se refería a cales son as vantaxes financeiras de usar o procedemento negociado en troques do aberto, ao que o señor Alcalde resposta que a baixa é para a Xunta de Galicia, e que non foi maior porque o proxecto se redactou axustado. Engade que, cando se fan baixas, hai que quitalo dalgo, cando o proxecto está axustado aos prezos de mercado. Opina que, cando hai baixas do 20 ou 30%, alguén se equivoca, ou o proxecto está mal feito, pois "ninguén dá pesos a catro pesetas". Reitera que, cando se encargan proxectos, piden aos técnicos que sexan obxectivos e que axusten os prezos, e cre que ese sistema non vai tan mal.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Explica ao señor Couto López, en relación á nova sobre a que preguntou, que o señor Alcalde foi cos servizos xurídicos e o equipo redactor do PXOM á Secretaría Xeral de Urbanismo, para tentar ampliar a zona verde prevista. Engade que hai tres afectados pola modificación puntual desa zona e que, se desexa máis información, poden darlla os servizos xurídicos. Explica que non se tratou dunha nota de prensa do Concello, pois para o concello era un trámite máis, para que a Xunta de Galicia non dixese que non era viable.

En canto á venda de pisos, opina que cantas máis persoas vivan en Carral, mellor, e que ten que aplaudir se existe a posibilidade de vender pisos a prezos asequibles.

No tocante ao plan de emprego da Deputación (PEL), explica que o INEM fornece os datos de desemprego os días 3 ou 4 de cada mes, e que, se bota a conta, en función da súa poboación duns 6.200 veciños, Carral é o concello que menos parados ten na comarca, despois da Coruña e de Oleiros. O señor Couto replica que o xornal publicou hai uns días que en todos os concellos dos arredores subiu o número de contratados con cargo ao PEL, mentres en Carral seguen sendo tres, aínda que se outorgaron 37.000 € ao Concello de Carral para unha cuadrilla de vías e obras. O señor Alcalde resposta que, para contratar a máis persoas, tería que dar máis cartos a Deputación, pois se non se farían contratos precarios.

O señor Couto replica que o ano pasado a subvención foi de 9.000 euros, e este ano de 37.000, mais contrataron un número igual de traballadores. Opina que, se se puidese dar traballo a tres ou catro persoas máis (contratando así a seis persoas, e sen que tres veciños de Carral queden sen traballar), sería estupendo, en vez de devolver cartos á Deputación. O señor Alcalde explica que con 9.000 € só se podían contratar 20 horas á semana e que, entre que ían á construción e levaban o material, en tres horas ao día non podían nin facer masa. Engade que agora, a xornada completa durante cinco meses, poden rendir, e que non é normal facer contratos precarios de vinte horas á semana. O señor Couto reitera que coida que con 37.000 € habería diñeiro para contratar a tres persoas máis, e que se non se utilizaron 28.000 € é un fallo "moi gordo". O señor Alcalde replica que, aplicando o convenio da construción a xornada completa durante varios meses, se esgota a cantidade da axuda, e que, se puidesen contratar a máis persoas o terían feito. Indica que non se van devolver cartos á Deputación, e que se houbese que facelo sería unha irresponsabilidade total, mais non vai acontecer.

En canto á aula da natureza, o señor Alcalde indica que ás veces lle custa explicar algunhas cousas, porque lle custa moito entendelas. Indica que hai plans cada ano para poder dar formación ás persoas que teñen poucas posibilidades de conseguir traballo, en ámbitos coma a axuda no fogar, ou a xardinería e horticultura. Ao seu abeiro, os concellos sde Abegondo, Bergondo, Carral, Mesía e Oza-Cesuras pediron fondos da Xunta e da Unión Europea para formar persoas sen estudos e nos límites da exclusión social. Estes anos houbo problemas para facer cursos de xardinería en Carral, pois se están a dar clases no Antón Fraguas (igual que de axuda no fogar hai uns meses), mais para as horas de prácticas os apeiros están na nave ou jna cocheira de Protección Civil, e o invernadoiro nas Travesas, que foi vítima do vandalismo que o deixou en desuso. Engade que iso tiña o inconveniente de ter que desprazar alí aos entre 8 e 12 alumnos, para o cal habería que alugar un bus, que non está contemplado nas axudas, ou usar os coches do Concello, de xeito que ao chegar xa tería pasado a metade da mañá. Engade que a deputación subvenciona mediante o Plan de Medio Ambiente actuacións en zonas degradadas (no que encaixa a casa que estaba terminada e que expropiou o SEPES e cedeu ao Concello para zona verde, se ben "quedou o mamotreto", despois de que o propietario quitase o que lle conviña, e que non ofrece unha imaxe axeitada para o Concello). Explica que a axuda da Deputación, duns 38.000 €, encaixa para poder adecentar a zona degradada, demolendo o edificio agás o soto, que pode servir para manter o material de Protección Civil ou a desbrozadora, e deixando o entorno en perfectas condicións. Coida que, se ao señor Couto lle gusta ir á APLU, pode ser que haxa que dar explicacións sobre por que non se vai demoler todo.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Insiste en que o obxectivo principal é demoler e adecentar, tendo en conta que, dende hai anos, se están a plantar carballos e castiñeiros na zona no día da árbore, de xeito que será en anos un bo entorno, no que estará o invernadoiro ao lado, de xeito que se poderán facer alí as prácticas rendibilizando o tempo. Coida que é posible que fose máis normal facer unha aula da natureza, por exemplo, nos Muíños do Batán, mais para a docencia será mellor este emprazamento. En canto á APLU, opina que pode dicir algo, e que igual di que non se pode facer, mais lembra que, cando o Consorcio das Mariñas conseguiu o plan POMAL para facer puntos limpos, o Concello de Carral tiña unha zona verde e alí se fixo o punto limpo, cando non gobernaba o PP. Engade que, se antes pasou así, tamén agora terá que ser así, e tentarán conseguilo.

O señor Couto López replica que non hai que dar moitas voltas para ver que as respectivas formacións están en desacordo en relación ao lugar, mais lembra que o solicitado á Deputación é unha Aula da Natureza, e non un local de formación agraria, que o Concello xa posúe, e que a zona elixida é de arxila e non ten cuberta vexetal, e unha zona verde, polo que opina que a actuación é ilegal, e pide que pare a licitación até que se pronuncie a APLU. Coida que, en caso contrario, pode haber terceiro prexudicados, e que ao final quen lles pague será o Concello con cartos de todos. Engade que tal actuación non ten que ver cun punto limpo, que normalmente están nos polígonos industriais, coma en Pontedeume ou nas Pontes, por exemplo. Pregunta se o señor Alcalde vai esperar a que conteste a APLU antes de licitar a obra. O señor Alcalde resposta que "xa veremos", e engade que o punto limpo non se construíu en solo para equipamentos, senón nunha zona verde, e ao PP non se lle ocorreu protestar. Reitera que o goberno municipal quere aproveitar ao máximo a parte da construción que non se tire, usando o baixo para gardar apeiros, e que se o señor Couto non quere, van facelo igual. O señor Couto replica que a metade dos cartos da axuda podían ter ido para contratar persoal ou para moitas outras cousas, mais decidiron iso, mentres, na súa opinión, o que permite a lei e as normas subsidiarias de Carral é aproveitar edificios tradicionais. O señor Alcalde manifesta que lle "*parece ben que vaia por aí, e que siga así*".

O señor Alcalde, por outra banda, explica que, hai un mes, convocou o Alcalde da Coruña aos Alcaldes das Mariñas en María Pita. Pensaron que lles ía falar da solicitude de máis de 1.000 millóns de euros ao abeiro do programa EIDUS, á que se aprobou apoiar polo Concello de Carral, e que non lle aprobaron porque non acadou a puntuación mínima, e de retomala. Imaxinaba que proporía facer máis forza co Consorcio mais, para a súa sorpresa, dixo que "*eran moi malos na Unión Europea*" e plantexou que quere facer unha área metropolitana. Indica que lle parece ben que A Coruña se queira integrar cos concellos de arredor, mais o seu Alcalde pediulles asinar unha carta para comprometerse a aprobalo inmediatamente. O señor Alcalde explica que o comentou co seu partido e que chegou á mesma postura que Arteixo e Abegondo no sentido de que, mentres non o aprobe o Concello da Coruña, non o pode trasladar aos outros, mais o concello coruñés non o puido aprobar en Pleno, porque a proposta non acadou a maioría absoluta. Explica que en España hai dúas áreas metropolitanas, a de Barcelona e a de Vigo que acaba de empezar. Engade que a súa constitución é complexa, mediante lei, e que nelas os participantes poden optar sobre que servizos prestar entre os definidos (así, por exemplo, podería tratarse o problema de Arteixo, que coida que a súa taxa por recollida de lixo pode ser máis barata se marchase da Mancomunidade ou Consorcio, mais se se prestase unindo tamén á Coruña, a contratación conxunta cunha empresa podería supoñer mellores prezos). Indica que, con independencia diso, está de acordo con que haxa unha Área Metropolitana, salvo que a Corporación decida outra cousa cando A Coruña o pida oficialmente, e que o PP votará a favor diso. Explica que, como a constitución dese ente pode tardar varios anos, mentres, foron a Bergondo para tratar a modificación dos estatutos do Consorcio das Mariñas para pasar a Mancomunidade e engade que, se A Coruña se integrase nesa mancomunidade, sería o paso dado máis importante, mais se non lles interesa é decisión deles. Manifesta que non sabe se se vai seguir coa transformación en mancomunidade ao mesmo tempo que se tramite a lei da área metropolitana, mais reitera que, cando A Coruña remita que ten aprobado o inicio da



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.I.F.: P-15021001*

[www.carral.es](http://www.carral.es)

constitución de tal área, traeráse o asunto ao Pleno para decidir. Engade que Carral non quedará descolgado da Área Metropolitana da Coruña, mais coida que debería ser A Coruña a que capitanease a Mancomunidade e a Área Metropolitana, aínda que é unha decisión que deben tomar eles, coa maioría suficiente para enviála á Xunta. Mentres, opina que a mancomunidade de municipios será positiva, e que as dúas áreas metropolitanas existentes se crearon a partires de mancomunidades de concellos con intereses comúns, e non a partires de consorcios. Asemade, opina que podería ser positivo incluír outros concellos coma carballo na área. Engade que cre que chegaron a un entendemento o luns para aprobalo e que, cando sexa así, o grupo popular votará a favor, sen fírar pola borda o traballo da mancomunidade. Opina que, se se integrase A Coruña, Arteixo non marcharía, pois na Coruña se paga pola recollida de lixo 80 € e nós 126 € (indica que non sabe se eles terían que subir ou nós baixar, mais coida que se poderían baixar os importes sendo 240.000 persoas máis). Considera que sería un éxito grandísimo que A Coruña se integrase na Mancomunidade e viñese a Bergondo á asemblea para ampliála, e simultaneamente se iniciase o proceso para a costitución da Área Metropolitana da Coruña. Por último, reitera que a súa intención é que, cando A Coruña envíe a súa aprobación, se debata en pleno en Carral, no que o grupo popular amosará que está convencido da unión e non de ir cara atrás.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 14 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de dezaioito páxinas numeradas do un ao dezaioito , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Daval